



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AMPLIACIÓN DA AP-9

Sendo as 10:00 horas do día 17 de febreiro de dous mil dezasete reúnense, en primeira convocatoria no edificio de ADIF en Vigo, os membros da Comisión de Seguimento das obras da ampliación da AP-9 seguintes:

NOME E APELIDOS	REPRESENTACIÓN
D. Javier Bas Corugeira	Alcalde
D. Arturo González Barbeito	Concelleiro Infraestruturas
D. Miguel Angel Álvarez Ballesteros	Concelleiro de Medioambiente
D ^a . M ^a Carmen Amoedo Dasilva	Concelleira de Urbanismo
D. Mauro Álvarez Castro	PsdG-PSOE
D. Roberto Villar Rodríguez	AER
D. José Romero-Amich Nieto	Arquitecto municipal
D. Alfredo Domínguez Bueno	GOC, S.A.
D. Raúl Fructuoso Aragunde	GOC, S.A.
D. Francisco Álvarez Airavella	As. Afectados AP-9
D. Rafael Baltasar Cela Acevedo	As. Afectados AP-9
D. Cesar Domínguez Fernández	As. Afectados AP-9
D. Francisco Puch Casal	As. Afectados AP-9
D. Juan Corugeira Cabaleiro	AA.VV. de Trasmañó
D. Juan Morales Balbín	AA.VV. Chapela
D. José Marcial Pérez Abreu	AA.VV. Chapela
D ^a . Ana Fernández Prieto	AUDASA
D. Constantino Castro Campos	AUDASA
D. Pablo Domínguez Gómez	Mº de FOMENTO
D. Juan José Consuegra Pérez	UTE-RANDE

actuando como secretaria de actas D^a. Carme Pérez Vaquero, funcionaria do concello de Redondela, para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTANZAS 18/5/16 E 28/6/16**
- 2. SITUACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9**
- 3. ROGOS E PREGUNTAS.**



CONCELLO DE REDONDELA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTANZAS 18/5/16 E 28/6/16.-

Iníciase a sesión polo alcalde preguntando aos presentes se teñen algunha alegación que facer as actas presentadas pola secretaria da comisión que foron enviadas, xunto coas correccións realizadas pola empresa GOC,S.A. previamente a través de correo electrónico a todos os membros integrantes da comisión. Ninguén presenta alegacións ás mesmas polo que o sr. alcalde pasa o asunto a votación resultando aprobadas por UNANIMIDADE dos membros presentes na xuntanza.

2.- SITUACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9.-

Toma a palabra o representante de AER indicando que 7 meses desde unha xuntanza a outra é moito tempo.

O alcalde indica que efectivamente é moito tempo pero argumenta esta tardanza nas conversas e os acordos con Fomento e en que quería ter o visto e praxe de Audasa en canto á viabilidade para presentalos. Xa que logo, quere escoitar a Fomento para despois opinar. Indica que hoxe haberá unha manifestación dos veciños de Chapela porque están vendo que o tempo pasa e que as obras avanzan pero que non se recollen as cuestións plantexadas nas xuntanzas. Indica así mesmo, que quere escoitar a UTE porque as actuacións últimas pasando incluso por riba das casas dos veciños con material pesado non poden consentirse e espera unha explicación convincente.

A continuación dálle a palabra aos veciños representantes dos colectivos:

D. Rafael Baltasar Cela (C. Afectados AP-9) explica que ven soportando ruidos e molestias na zona da súa casa de xeito insoportable en horario nocturno. Indica que piden permiso para meter ferralla pero o que fan realmente é cimentación. Indica tamén que isto non pode aturarse e que non queren volver aos tempos antigos de facer barricadas pero insiste en que as edificacións móvense constantemente. Dise que os cidadáns teñen dereitos pero resulta que ao final iso non é certo. Pide a Fomento e a Audasa que fagan o posible por solucionar toda esta problemática porque do contrario haberá que actuar doutro xeito. Insiste en que non teñen porque estar aguantando isto e que se quedou en estudar estas problemáticas e non se está facendo.

D. César Domínguez Fernández (C.Afectados AP-9) expón que como afectados das obras queren que se marquen tempos. Indica que os servizos están desmantelados na zona, que non hai posibilidade de pasear por ningún sitio coa mínima dignidade, que todo está sen rematar e que hai un límite para todos estes inconvenientes. Que non están esixindo máis que o punto medio das cousas porque necesitan saber xa os prazos de inicio das obras de reposición dos servizos.

O Sr. Baltasar Cela indica que chama as 3:20, as 3:30 e paran e as 6:30 horas xa estaban outra vez e que iso non se pode aguantar.

D. Francisco Puch (C.Afectados AP-9) di que o que se está falando na mesa xa foi exposto unha e outra vez e agora é que Audasa e Fomento aclaren cando empezan as obras de reposición de servizos.



CONCELLO DE REDONDELA

D. Juan Corugeira (AA.VV. Trasmañó) pide expresamente que o que vai expoñer sexa tratado “con máis cariño” que o ano pasado. Espera ver a contestación de Fomento sobre a Ponte de Trasmañó porque quere ter xa unha resposta concreta.

AA.VV. Chapela queren saber as datas estimadas das obras e acelerar a obra do colexio.

Toma a palabra o Sr. González Barbeiro (PP) indicando que a demora nesta xuntanza foi para saber en que punto están as reposicións por parte de Fomento tanto en Chapela como en Trasmañó. Indica que o colexio depende doutra administración que non está representada na xuntanza. Pregunta tamén como están as expropiacións.

O Sr. Álvarez Castro (PSOE) quere saber como se vai resolver o tramo conflictivo do Pavillón porque non se traballou nel neste último mes. Di que non existe nada de seguridade na explanada.

O Sr. Villar Rguez. (AER) di que está claro que o tempo pon as cousas no seu sitio. Máis de 8 anos sen que se lle tivera respecto a Redondela nin por parte do ministerio nin por Audasa. Non hai sentido de cidadanía. Solo existe cemento e formigón. *En Redondela hai bágoas e dor polo que está a pasar nas casas dos veciños e veciñas.* Insiste en que debería cambiarse de actitude. A rúa Ponte Cornide é un despropósito. Non se poden desenvolver as obras desta maneira. *Somente hai un sentido económico en todo isto sen ter en consideración á poboación.* O tema do colexio é outro despropósito, *indica que isto é un conflito entre administracións porque queren abrir un carril unido á autoestrada e iso non pasa en ningún sitio. A cidadanía síntese humillada e sen respecto. A administración debería ter máis respecto polos cidadáns.*

Toma a palabra o Sr. Bas Corugeira indicando que como alcalde subscribe totalmente o que se acaba de dicir por todos. Hai que ter unha concreción nos prazos. Sempre hai moi boas palabras pero ao final todo queda en nada. *Queremos documentos con prazos sinalados e axustados.* Indica que o que acaba de expoñer o Sr. Villar Rguez. con respecto do terceiro carril o asume na súa totalidade e insiste en que a razón lle asiste aos veciños. *Indica que efectivamente o colexio ten unha demora e que o terceiro carril abrírase cando o tema do colexio estea resolto.* Insiste, primeiro o traslado do colexio e despois a apertura do terceiro carril, non antes. Desde o equipo de goberno se comparte todo o dito ata agora e esixe, dunha vez por todas prazos de execución, seguridade UTE e que esperan respostas.

D. Pablo Domínguez Gómez (Fomento) toma a palabra para indicar que en canto as obras complementarias recibiron os proxectos do concello; que a última casa xa está expropiada. Que se están facendo os proxectos e polo tanto non se poden concretar prazos. Se está valorando todo a que aportou o concello a fin de ano (contra as navidades). Indica que a filosofía en Trasmañó é dar máis amplitude c/voladizo ao paso peonil en base ao indicado pola empresa GOC, S.A. Que están coa tramitación. Que o proxecto non está asinado pero están nelo, que están traballando niso e esa é a filosofía. En canto as obras, hai contacto continuo cos veciños e o concello para marcar tempos. Indica que toma nota para que os traballos nocturnos non se fagan.

A Sra. Fernández Prieto (Audasa) ten constancia de que os traballos se paran pola noite pero indica que hai que insistir en que efectivamente se fagan polo día.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Cela Acevedo indica que entende que os primeiros días se poideran facer eses traballos nocturnos pero que non máis dada a situación.

O Sr. Domínguez Gómez (Fomento) insiste en que se está levando a cabo o protocolo de fendas (grietas).

A Sra. Fernández Prieto di que existe un estudo xeotécnico que van analizar e estudar e que lle consta que diante da casa de Baltasar se paran os traballos.

O Sr. Baltasar Cela di que as fendas non son consecuencia do tempo que ten o edificio senón que son producidas polos traballos que se están levando a cabo.

A Sra. Fdez. Prieto insiste en que as fendas as analizará un técnico e éste dirá se son antigas ou provocadas polas obras.

O Sr. Pablo Domínguez contesta referente ao tema da expropiación que se fixeron aquelas que están en dominio público e reitera que a casa de Baltasar non se pode expropiar porque está fóra de dominio público.

O Sr. Bas Corugeira indica que hai unha casa máis nesa situación.

O Sr. Pablo Domínguez expón que a última era en Teis e está expropiada e que lle consta que non hai ningunha máis en dominio público.

O Sra. Amoedo Dasilva pregunta porque non se paran as obras diante da casa de Baltasar se existen dúbidas ao que lle contesta a Sra. Fdez. Prieto que as queixas neste momento son polas vibracións que se producen e que se paran os traballos porque os técnicos pediron un estudio xeotécnico para estudar os riscos de que poida cair ou non o edificio.

A Sra. Amoedo dí que aquilo é insufrible e que habería que dálle a posibilidade de expropiación da vivenda. Insiste en que non se pode soportar esa situación permanentemente, que non é cuestión de que sexa de dominio público ou non, pensa que hai que tomar unha decisión aínda que non esté no proxecto. Non é normal que unha familia teña que soportar esa situación de por vida. Pídelle a Fomento unha maior sensibilidade para que se fale de persoas e non de planos. É surrealista o de Rande, en todas as obras hai que estar *in situ* para tomar as decisións e o lóxico e ir cambiando os criterios dependendo das situacións reais que se produzan. Unha cousa é facer planos e outra moi distinta é ver as cousas na realidade. A xente está vivindo un inferno e non pode ser que estas persoas aguanten isto permanentemente. Insiste en que é unha situación insoportable e pide a solución para dúas cousas concretamente: **Cornide e a casa de Baltasar**. Non hai máis que ver as cousas, ese terceiro carril non se vai abrir ata que se solucione o do colexio e se traslade aos nenos. Hai que rematar con isto xa, non pode ser que haxa un carril pegado ao muro dun colexio, non se vai consentir iso e o concello fará todo o posible para que iso non se produza. Reitera que a petición do concello é que se resoltan estas cuestións que non admiten outra solución, de igual modo que a expropiación da casa de Baltasar que aínda que non estea en dominio público hai que buscarlle unha solución real.

O Sr. César Domínguez di que está escoitando que as obras se paralizan porque están a facer un estudio xeotécnico e non é así; parálanse porque a Asociación de Afectados polas obras da AP-9 non permite que se traballe alí porque é unha zona con moita auga,



CONCELLO DE REDONDELA

que desde hai 30 anos ten unha problemática importante e insiste en que a unha das casas houbo que inxectarlle formigón porque víñase abaixo debido precisamente a unha bolsa de augas, hai que ir a unha profundidade de 2 metros pero é moi posible que unha casa poida cair. De igual modo insiste en que o que non se pode facer é pasar por riba das casas o material da obra porque se pode producir un accidente grave e iso se fixo na casa de Rande. Dí que habería que pedirlle responsabilidades ao responsable da obra por facer o que fixo. Insiste en que iso é inaceptable. Hai que ter un pouco de humanidade e conciencia porque, estea ou non en dominio público, haberá que resolver a problemática que se está dando. Insiste en que máis ten que sexan 8 m. ou 7,45 m., a cuestión é que hai que resolver un problema que se está dando.

O Sr. Pablo Domínguez insiste en que iso é o que se ten en conta en todas as obras nas autoestradas.

O Sr. Alcalde indica que Chapela ven soportando, desde hai máis de 30 anos, problemas producidos pola autoestrada e aínda por riba teñen que soportar a peaxe da mesma; insisten en que non é aceptable o que está a suceder.

O Sr. Constantino Castro (Audasa) expón que desde a confección do proxecto se buscaron solucións e eses 8 m. de dominio público que son os marca a Lei para as expropiacións, que as cousas non se fan porque si, fanse de acordo coa Lei. Indica así mesmo que o colexio será expropiado na súa totalidade. No caso de Chapela empezouse cunha expropiación de 1,9 m. e están en 7,5 m. Indica que se fixo todo o posible e moito máis na reposición de servizos que están indo moito máis aló, que o que se está a facer en Chapela non se fixo nin se fai en ningún outro sitio.

O Sr. Baltasar Cela insiste en que están vivindo unha situación na que eles non teñen a culpa e que no seu caso o edificio ten 50 anos e a autoestrada non, polo que algún dereito terán eles, polo que considera que non teñen porque prescindir de nada.

O Sr. Constantino Castro insiste en que senón é posible desde o punto de vista legal tampouco é factible levalo a cabo.

O Sr. Baltasar Cela expón que é inaceptable que todo se faga por cartos e que non se teña en conta as persoas, que isto non se pode soportar e insiste que os edificios quedan en moi mala situación.

O Sr. Constantino Castro insiste en que o tema do colexio fíxose constar sempre, que non é discutible, pero que outros argumentos non, que as cousas faladas e aceptadas están en acordos pero outras cousas que se están poñendo enriba da mesa non.

O Sr. Pablo Domínguez (Fomento) indica que non se pode discrecionalmente poñer asuntos distintos enriba da mesa. Que entende a situación da casa de Baltasar pero que non se pode resolver nesta comisión. Insiste en que non está en dominio público e polo tanto está fóra da línea de afección.

O Alcalde insiste en que hai que buscar unha solución para isto porque é un problema grave que hai que resolver.

Toma a palabra o arquitecto municipal, Sr. Romero Amich dicindo que efectivamente as obras hai que velas *in situ*, que non vale redactar un proxecto sen ver logo a situación e a



CONCELLO DE REDONDELA

realidade física das obras. Indica tamén que os conflitos se resolven en vía xurisdiccional pero que hai que ter unha sensibilidade social porque as obras afectan a veciños e veciñas que esixen os seus dereitos, que por iso existe esta comisión informativa, para a través dela intentar buscar solucións para todos. No caso do colexio coseguiúse e no tema das casas, a pesar de que non están dentro do mercado pola Lei, considera que habería que buscar a excepcionalidade e dese xeito buscar solucións. O concello fixo un traballo que costou uns cartos públicos e o que non é de recibo e que por parte dos representantes da empresa e de Fomento se diga unha e outra vez que se están estudiando as posibilidades.

Toma a palabra do Sr. Villar Rodríguez (AER) indicando que o representante do ministerio non está vivindo a realidade e que quen debería estar presente na xuntanza sería o Sr. Angel del Rio que é quen toma as decisións, porque insiste, as cousas van cambiando a medida que as obras van avanzando e por iso hai que tomar decisións distintas para resolver problemas distintos que se van producindo. Hai que ver a realidade e aplicar a lei a esa nova situación. Botouse abaixo unha casa do ano 1916. Insiste en que viven a 5 metros da autoestrada e que é igual vivir a 5 que a 10 metros. Que a situación é horrible sexa cuns metros máis ou cuns metros menos. Insiste en que as leis deben estar para resolver os problemas, non para crealos. Como responsable do Ministerio de Fomento debería facer chegar ao Sr. Ministro ou a quen sexa, esta problemática que está producíndo en Chapela, porque as obras o que non poden é crearlle problemas as persoas senón todo o contrario. Isto que se está a falar non é un problema puntual e un problema permanente e moi grave, tan grave que afecta directamente á vida das persoas. *Se hai que comprarlle a casa a esta persoa porque as obras lle afectan á vivenda pois se lle compra e punto!*. Para iso deben estar os cartos, para resolver problemas á cidadanía. É moi doado falar, pero vivir esta situación permanentemente é insoportable. O do colexio xa é unha cuestión de dignidade e quere deixar constancia de que a intervención da Sr. Amoedo Dasilva a subscribe totalmente, que así debería ser sempre.

A Sra. Fernández Prieto (Audasa) expón con referencia aos traballos nocturnos que sempre que se van levar a cabo se avisa aos veciños.

Contéstalle o Sr. Villar Rodríguez en que iso non é dabondo, que non se pode traballar polas noites. Que se por aforrar cartos se deron prazos que son inexecutables, iso non pode logo supoñer un prexuízo para os veciños, iso é unha irresponsabilidade da empresa.

Toma a palabra o Sr. González Barbeito (PP) pedindo esa sensibilidade necesaria para que as cousas funcionen ben e solicitando unha excepcionalidade no tratamento dalgunhas cuestións. Indica que este tramo da autoestrada é practicamente urbano e polo tanto cunhas características moi concretas polo que hai que buscar solucións e outras posibilidades que resolvan a problemática que vai xurdindo a medida que as obras avanzan. *O que debe prevalecer é a calidade de vida das persoas e por iso haberá que resolver problemas*. No caso da casa de Baltasar e Rande non están dándose as respostas necesarias para resolver os problemas plantexados e non ten moi claro se é porque non se están estudiando estes temas concretamente ou se é que non se queren solucionar. Insiste unha vez máis en que hai que buscar a excepcionalidade.

O Sr. Marcial Pérez Abreu (AA.VV. Chapela) indica que está a escoitar as explicacións que se están dando na mesa e que isto non vale para nada, considera que existe un agravio comparativo con outras autoestradas e que isto é surrealista dado que a AA.VV. leva anos reclamando cousas que non se están levando a cabo, por citar algunhas: un tramo subterráneo porque está ampliación da autoestrada debería ser soterrada. Indica que en



CONCELLO DE REDONDELA

Madrid se está soterrando todo para non molestar pero aquí todo dá igual, que estea ao lado dun colexio, dun centro de saúde, de casas dos veciños, aquí insiste, non se soterra nada! E estamos a discutir aínda por unha expropiación dunha casa. Isto é unha zona urbana e a ampliación da autoestrada provoca ruidos e molestias. Isto é asombroso! Que esteamos a discutir por unha expropiación cando todo debería ter sido feito doutro xeito. Pide por favor que se deixen xa de dar explicacións e xustificacións que non conducen a nada e que se dea xa unha contestación seria, rigurosa e con prazos.

A Sra. Fernández Prieto indica que se pretendía rematar a obra en abril. O Sr. Alcalde pregúntalle se está a falar do tramo e se lle contesta que non, que da obra completa.

A Sra. Amoedo Dasilva contéstalle ao Sr. Pérez Abreu que nestas xuntanzas preténdense buscar solucións para mellorar a vida dos veciños, como sempre se fixo, buscar apoios e resolver problemáticas dos cidadáns.

O Sr. Constantino Castro respecto dos prazos indica que na ponte, pola súa singularidade, non se vai posicionar respecto dos prazos pero que en terra viúse condicionada por algunhas cousas que foron xurdindo pero que siguen traballando a pesar de que se van detectando problemas. Os servizos están condicionados ao traslado do colexio e ao día da obra.

O Sr. Puch Casal indica que o Sr. Consuegra dixera que a obra se remataría en decembro de 2016 e sen embargo iso non foi así.

O Sr. Constantino Castro insiste en que esta obra se entende como singular.

O Sr. Consuegra Pérez (UTE Rande) indica que a obra é complexa e que as medidas de seguridade son enormes debido a súa complexidade que isto nunca se fixo antes en España, así mesmo, indica que se coñecen os problemas que se están producindo aos veciños e que por iso se ven con lóxica as súas solicitudes e se intentan buscar solucións para resolvelos.

O Sr. César Domínguez di que iso non é así, que se paran as obras porque os veciños obrigan a facelo, porque do contrario o sistema non resolve os problemas e as cousas non se solucionan. O levantamento de cargas ten que facerse sen persoas arredor sen embargo non se fixo así, senón todo o contrario. Non vale logo o que se está a dicir!. Paralizouse a obra porque os veciños e o concello provocaron que se paralizase senón a empresa seguiría traballando. Isto é irresponsable, non é normal que se pasen os materiais por riba das vivendas.

O Sr. Consuegra Pérez di que nunca houbo un accidente e que se están tomando medidas de seguridade constantemente. Así mesmo, contéstalle ao Sr. Puch Casal que se están facendo moitas melloras que non figuran no proxecto e que ese tamén é un motivo polo que as obras non están rematadas en prazo.

O Sr. Pablo Domínguez di que xa lle fixeron os muros para adaptar as obras as peticións que se están realizando por parte dos veciños.

O Sr. Consuegra di tamén que se está facendo o estudio para ver a viabilidade do que se presentou pero que aínda non o teñen.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Constantino Castro indica que xa está prevista a colocación das pantallas para o ruído, do pavimento absorbente, que están plantexando facelo con betún-caucho (1ª fase) para que absorva máis ruído. Cando se acabe esta primeira fase se fará un estudio de ruído para colocar as pantallas.

O Sr. Consuegra indica que se deixarán tramos nos muros para a colocación das pantallas acústicas.

O Sr. Alcalde pregunta cando se vai rematar coas reposicións.

O Sr. César Domínguez pregunta as posibilidades nos tramos de asfaltado.

O Sr. Pablo Domínguez (Fomento) indícalle que non hai certezas pero si hai compromiso.

O Sr. Constantino Castro indica que na última xuntanza falouse de buscar solucións e que agora xa se están facendo probas para que existan melloras na solución da rodadura e dese xeito menos ruído. As pantallas poranse no sito onde o estudio de ruído o plantexe.

O Sr. Puch Casal pregunta que tipo de pantallas se van colocar no tramo urbán.

Contéstalle o Sr. Castro que a referencia que teñen son as de 2007 pero que estén tranquilos que se porán as necesarias.

O Sr. Puch Casal insiste en que tipo de pantallas que se van colocar.

Contéstalle o Sr. Castro que dependen do estudio de ruído e que logo se verá. Que deben estar tranquilos porque iso se verá no seu momento.

O Sr. Alcalde contéstalle ao Sr. Consuegra que iso de estar tranquilos xa o escoitaron demasiadas veces.

O arquitecto Sr. Romero Amich pregunta cal é o límite sonoro para ver que tramos son factibles de colocación de pantallas acústicas.

O Sr. Álvarez Castro (PSOE) indica que nos estudos de 2007 os datos e volumen de ruído nada teñen que ver coa actualidade que vai en aumento, de 4 a 6 carrís e tamén ruído cruzado.

O Sr. Constantino Castro indica que é un tema de servizo non de capacidade.

O Sr. Villar Rodríguez di que canto máis tráfico máis ruído, que o ruído é intenso e o tráfico tamén.

O Sr. Álvarez Castro di que imaxina que medirán durante unha semana para ter un estudio máis ou menos serio. Así mesmo, quere deixar constancia despois do escoitado na mesa e por moito que digan que se gasta en seguridade na obra, non é de recibo que pasen cargas por riba das casas dos veciños. A realidade, xa que logo, nada ten que ver co dito aquí. Non se cumpre a normativa de seguridade, cousa que lle parece increíble. Considera que isto é unha actitude irresponsable por parte da empresa que gastará moito diñeiro en seguridade pero non se cumpren os mínimos cando se fala das persoas.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Juan Corugeira pregunta respecto da ponte de Trasmañó e insiste en que debería facerse unha nova ponte e non unha ampliación. Considera que por pouco máis faríase unha obra que resolvería a problemática da parroquia no futuro e que o ideal sería facer un estudio de costes para saber do que se está a falar. Respecto da ampliación da ponte de Rande considera que esta obra debería levar implícita a liberalización da peaxe nos 6 carrís e non por catro como é actualmente. A Xunta de Galicia paga por 4 carrís e non por todos. Unha vez máis solicita a liberalización da peaxe do tramo Rande-Vigo porque se di xa está pagando dabondo.

O Alcalde comunícalle ao Sr. Corugeira que a Xunta paga somente a peaxe a aqueles vehículos que van ao Morrazo e que o concello solicitará a liberalización da peaxe Rande-Vigo.

O Sr. Corugeira insiste en que a peaxe Rande-Vigo hai que eliminalo xa!

O Sr. Juan Morales pregunta sobre as medidas de seguridade na Ponte de Rande. Tamén sobre a sinalización da rotonda posicional existente, pois di que non se entenden as sinalizacións. Así mesmo, quere recordar 3 datos que se dan no tramo das obras en Chapela que hai que solucionar xa por inaceptables:

1. Un colexio pegado a autoestrada, cun 85% de nenos e nenas nas aulas.
2. O tramo de autoestrada con máis ruído de España (segundo Audasa é o tramo Teis-Vigo e iso non é así, é o tramo Chapela-Vigo).
3. E por riba temos que pagar peaxe!

O Sr. Álvarez Castro pregunta cando se vai abrir o tramo para evitar a rotonda xa que hai accidentes a cotío.

O Sr. Pablo Domínguez contéstalle que a mediados de abril.

A Sra. Fdez. Prieto insiste en que os prazos houbo que ir adaptándoos as novas peticións. Di que se traballa mañá, tarde e noite, pero que se na noite teñen que parar polas peticións dos veciños, iso paraliza a obra e polo tanto os prazos.

O Sr. Baltasar Cela indica que non hai luces, nin sinais de peóns no paso de Patrimonio.

O Sr. Villar Rodríguez di que se podería deixar a rotonda pero que habería que sacar o do Pavillón. Pregunta sobre os estudos da empresa GOC se se van considerar como melloras do entorno ou como obras adicionais. Pregunta como se van executar porque non se recolle todo e o entorno non está completo. Falta o Centro de Saúde. Faltan cousas no estudio e melloras das augas de escurrentía. Faltan pequenas zonas verdes. Insiste en que Audasa non está a limpar e que fan un mantemento pésimo das zonas de almacenamento. Pregunta polos accesos á praia de Cabanas e pola problemática de Ponte Cornide. Pide se concrete data para seguir debatendo en 15 ou 20 días.

O Sr. Álvarez Castro pide que se poñan puntos de luz porque hai pouca visibilidade en moitas zonas. A Pasarela diante da igrexa sigue vibrando, en calquera dos dous planos móvese. Pregunta que como se vai resolver iso.

O Sr. Pablo Domínguez indica que haberá que facer unha estrutura nova.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Marcial Pérez pregunta como van quedar as torres de Padín.

O Alcalde di que están pendentes de que Fomento lles traslade o estudio do que se vai facer para poder estudialo.

O Sr. Pablo Domínguez indica que están pendentes de enviar o estudo sobre as Torres de Padín e indica tamén que as peaxes son cousas independentes do que se está a tratar aquí, pero que se é viable farase.

O Sr. Marcial Pérez pide que se den prazos xa!

O Alcalde di que daría a xuntanza por válida se Fomento indicase prazos concretos.

O Sr. Cesar Domínguez di que deberían darse datas, horas, días de cando se van facer as cousas. Sería importante ter toda a documentación para poder valorala e habería que requerir a expropiación dos terreos.

O Alcalde insiste en que unha cousa non é incompatible coa outra.

O Sr. Pablo Domínguez insiste en que o Ministerio é moi lento e que como mínimo haberá que ter 1 mes para poder algún prazo concreto.

O Sr. Villar Rodríguez insiste en que deberían traerse temas concretos, por exemplo o terceiro carril, quere saber como vai quedar o entorno do colexio.

O Sr. César Dguez. insiste en que hai que ter prazos concretos na finalización do tramo de Chapela.

O Sr. Alcalde insiste en que espera solucións a todos estes problemas e respostas afirmativas ao tema, non menos, do terceiro carril, tema das expropiacións enriba da mesa e data concreta das reposicións presentadas nos proxectos de GOC. Pide que todo se presente por escrito.

O Sr. Pablo Domínguez di que ten pouco prazo e que si se pasará por escrito.

O Sr. Villar Rodríguez indica que quedan moitas cousas por debater das que nin siquiera se fala.

O Sr. Puch Casal respecto das obras de mellora quere deixar constancia de que se están pedindo obras para mellorar a calidade de vida das persoas e que non se pode falar de prexuízos económicos da empresa pois as persoas están por riba diso. Tamén hai temas mediantais que hai que ter en consideración. Indica tamén que haberá que estudar o tema dos metros que quedan fóra do Plan Xeral porque son terreos afectados.

O Sr. Juan Corugeira indica que haberá que valorar costes dunha nova ponte para Trasmañó para ter unha obra de futuro e cunha seguridade global para vehículos e peóns.

O Sr. Juan Morales pregunta polo tema da rotonda e da seguridade na N-550, como se vai resolver. Non é normal que iso este feito unha chapuza! É necesario que iso se resolva xa! Estamos a falar de temas de interés xeral que deben ter unha rápida resposta.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Alcalde indica que isto foi unha petición do concello.

O Sr. Roberto Villar expón que a xente expropiada está tendo problemas para darse de baixa no IBI. Son os novos propietarios os que teñen que darse de baixa cando debería ser o propio ministerio o que o fixese de oficio.

O Sr. Mauro Álvarez Castro pregunta pola saída da Fonte da Fraga e indica que existe unha grande acumulación de terras.

O Sr. Juan Morales expresa o seu total apoio aos afectados directamente pero insiste na necesidade de solucións de temas concretos como a rotonda.

O Sr. Alcalde excusa a súa asistencia sendo as 11:15 horas sendo substituído na presidencia da xuntanza polo concelleiro D. Miguel Angel Rodríguez Ballesteros.

O Sr. César Domínguez dixo que se pedira que fora un topógrafo quen fixera as medicións diante do garaxe ou pola metade do balcón para telo en conta.

O Sr. Pablo Domínguez di que Fomento non ten obriga de vixiar que as persoas fagan as cousas ben.

O Sr. César Domínguez contéstalle que iso sucedeu e ata a data aínda non se resolveu nada. Quedouse en ver isto para liberar esas parcelas.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Puch Casal pide un regulación semaforizada entorno o IES. Pasarela colgante e que se estudie por parte de Fomento. Pregunta cando se podería ter isto.

Fomento indica que se está estudando.

Preguntar AER (as pasarán por escrito)

E sendo as 11.45 horas levántase a sesión do que secretaria dou fe, asinando ao pé xunto co sr. alcalde.